

No Edificio de Usos Múltiples do Excmo. Concello da Estrada, sendo as once horas do día vintedous de agosto de dous mil once, reúnese o Tribunal que xulgará as probas para contratar a un profesor de fruta traveseira para o Conservatorio Municipal, que queda constituído do seguinte xeito:

Presidente: D. Javier Comesaña Pereiras
Vogais: D^a Cristina Zatarín Andrés
D. Francisco Lorenzo Romero
D. Pelayo Redondo Lisarrague
Secretaria: D^a Mónica Neira Mato

Procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, e de conformidade coas Bases da convocatoria, polo Tribunal propóñense dous temas, elixindo os aspirantes o tema 58 (A programación en 4^o de grao profesional), pertencente á parte teórica, que terán que desenvolver por escrito, tendo para elo unha hora. Polos membros do Tribunal valóranse os mesmos, obténdose as seguinte puntuacións:

Expósito Villar, Paula	5
Salgueiro García, Alejandro	7

No mesmo día, sendo as doce horas, dáse comezo á parte práctica do exercizo, comezando a proba a aspirante Dna. Paula Expósito durante un tempo aproximado de 10 minutos e a continuación D. Alejandro Salgueiro García, rematando a mesma ás doce horas e trinta minutos. Os membros do Tribunal cualifican o exercizo, obténdose as seguinte puntuacións:

Expósito Villar, Paula	6
Salgueiro García, Alejandro	9

En base á puntuación de ámbolas dúas partes do exercizo obrigatorio, as puntuacións medias son as seguintes:

Expósito Villar, Paula	5.5
Salgueiro García, Alejandro	8

Os membros do Tribunal acordan, por unanimidade, propoñer a contratación, ao Sr. Alcalde -Presidente de D. Alejandro Salgueiro García, por acadar a máxima puntuación.

Seguidamente dáse por rematado este acto, sendo as trece horas, asinando comigo en proba de conformidade os asistentes, do que eu, Secretaria do Tribunal, dou fe.